



## RESOLUCIÓN DO PROCESO E PRAZOS DE MATRÍCULA DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE OLEIROS PARA O CURSO ESCOLAR 2026/2027

### ANTECEDENTES E FUNDAMENTOS DE DEREITO

No “Regulamento de organización e funcionamento da Escola Municipal de Musica de Oleiros”(EMMO), publicado no BOP da Coruña núm. 72 do 16.04.2013, no seu Capítulo 3 e o Anexo 1 indícase o procedemento de matrícula para acceder aos estudos na dita escola.

Posto que o inicio do proceso de matrícula comezará o 1 de marzo, para proceder á renovación do alumnado matriculado neste curso escolar e realizar as novas matrículas para o vindeiro curso escolar 2026/2027, é necesario aprobar e publicar o calendario e instrucións que rexerán este proceso.

Polo exposto, e en virtude das atribucións contidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, delegadas a esta Tenencia de Alcaldía a través do Decreto de Alcaldía núm. 2023003281 de 21 de xuño.

### RESOLVO:

- 1 Aprobar o seguinte calendario de renovacións e novas matrículas para o curso escolar 2026/2027, da Escola Municipal de Música de Oleiros e as instrucións que rexerán para estas.

### CURSO ESCOLAR 2026/2027 Cadro do proceso e prazos de matrícula da ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA

FASE	PRAZOS	ACCIÓNS
<b>1. RENOVACIÓN DAS MATRÍCULAS</b>	2-13 marzo	Renovación das matrículas de Música e Movemento (agás o ano 2018), e Instrumento
	24 marzo	Publicación das prazas vacantes de Música Movemento, e Instrumento
	25 marzo - 10 abril	Solicitudes de renovación de matrículas de Música e Movemento do ano 2018
	17 abril	Publicación de prazas vacantes en MM e Instrumento





FASE	PRAZOS	ACCIÓNS
<b>2. MATRÍCULA DE PRAZAS LIBRES</b>	20 - 28 abril	Pre-inscripción libre para especialidades de MM e Instrumento
	30 abril	Sorteo de letra para adjudicar MM e Instrumento
	8 maio	Publicación de prazas adjudicadas de MM, Instrumento, elistaxes de agarda
	11 - 22 maio	Alegacións ás prazas adjudicadas / listaxe de agarda
	29 maio	Publicación dos resultados das alegacións
	1 - 12 xuño	Formalización das matrículas de MM e Instrumento. Aboamento das taxas e entrega de documentación
	16 xuño	Publicación de matriculados/as, e listaxe de espera de MM e Instrumento
<b>3. MATRÍCULA DE PRAZO EXTRAORDINARIO</b>	1 setembro – Último día lectivo de febreiro	Período extraordinario de solicitude de praza en MM e instrumento. Listaxe de espera por orde de rexistro
	Último día lectivo de febreiro	Desafección de listaxe de espera curso escolar vixente

**HORARIO** para a realización dos procesos antes descritos será o seguinte:

De luns a mércores: de 9:30 a 13:30 h e de 17:00 a 19:00 h

Xoves: de 17:00 a 19:00 h

Venres: de 9:30 a 14:30 h

**LUGAR:** Secretaría da Escola Municipal de Música.

- 2 Facer pública esta resolución nos taboleiros de anuncios da Escola Municipal de Música, do Concello de Oleiros e do Centro Cultural A Fábrica.
- 3 Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor ante este mesmo órgano recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade de A Coruña, no prazo de dous meses a





contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Todo isto sen prexuízo da facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada lei, ou de interpoñer aqueloutros que estime procedentes.

- 4 Notificar esta resolución á empresa adxudicataria da xestión da Escola Municipal de Música para os efectos oportunos.

Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola sétima tenenta de alcalde delegada de Cultura, Normalización Lingüística, Ensino e Xuventude, e o secretario accidental, que dá fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018, do 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro).

